

Anexo IV:

**PLAN DE
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA
GALEGA**

IES Santa Irene



Índice

PLAN DE DINAMIZACIÓN.....	0
DA LINGUA GALEGA.....	0
1. Informe da situación lingüística.....	1
1.1. Aspectos externos.....	3
1.2. Actuacións administrativas.....	3
1.3. Lingua de relación.....	3
2. A lingua galega na normativa docente.....	3
2.1. O galego nas aulas e taboleiros.....	3
2.2. O galego noutras actividades.....	3
3. Obxectivos do Plan Xeral para o uso do idioma.....	5
3.1. Obxectivos específicos para o ensino en lingua galega.....	5
3.2. Actividades.....	6
3.3. Información.....	6
3.4. Actuacións.....	6
3.4.1. Colaboración co equipo de Biblioteca.....	6
3.4.2. Outras actividades extraordinarias de fomento da lectura:.....	7
3.4.3. Outras actividades de dinamización:.....	7
4. Promoción e ensino da lingua galega no PEC.....	8
4.1. Normativa sobre lingua.....	8
4.2. Relación de libros de texto e materias impartidas en lingua galega no curso 2021/22:.....	9



1. Informe da situación lingüística

Cómpre ter en conta que o noso centro está situado nun contexto urbano, o concello de Vigo, e máis concretamente na zona das Travesas, considerado o segundo núcleo importante da cidade olívica. Este factor, fai que teñamos que considerar algunhas cuestións específicas. Así hai que considerar que o alumnado do noso centro non diverxe moito das estatísticas que o servizo de normalización do concello de Vigo ofrece sobre o uso e o coñecemento da lingua galega: nas idades en que este centro imparte docencia, un 4,7% é galego falante, un 58,1% castelán-falante e un 35,8% é bilingüe. É evidente que neste contexto de desgaleguización o noso centro non pode contar cun alumnado maioritariamente galego falante. Este. Á súa vez se ve desfavorecido polo uso minoritario que da lingua galega fai o profesorado. Na análise realizada a inicio deste curso só o 21,11 % declarouse castelán-falante.

Polo tanto podemos dicir que hoxe por hoxe, a lingua maioritaria dos nosos alumnos e do profesorado é o castelán, polo menos nos seus usos sociais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar. É necesario sermos conscientes das causas que motivan este feito, en parte derivadas do sistema educativo, en parte derivadas da situación sociolingüística de Galicia. O centro, como dixemos, tampouco é un ecosistema favorable á presenza do galego. É evidente que non podemos cambiar os usos sociais das linguas, pero debemos cumprir coa parte que a lexislación nos demanda: que o alumnado adquira unha boa competencia e que non teña prexuízos cara á utilización do galego.

Debemos ter sempre presente o obxectivo que se persegue, sobre todo na ESO: que ao remate da etapa o alumnado desenvolva unha boa competencia nas dúas linguas. Este obxectivo leva aparelado o de conseguir que desaparezan os prexuízos e actitudes negativas cara á utilización do galego.

A experiencia destes últimos anos, así como os estudos realizados sobre os resultados prácticos, permítenos ver algunhas das causas que impediron que en educación secundaria se acadase o obxectivo de conseguir que, ao remate da etapa, o alumnado tivese unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Cremos importante salientar estas causas para seren erradicadas:

-O incumprimento na docencia naquelas áreas que, como mínimo, se deben impartir en galego.

-A transmisión de prexuízos cara ao galego e o seu emprego na docencia, aínda que sexa dun xeito inconsciente. Dáse esa transmisión cando non se imparten en galego as materias que, como mínimo, debesen darse; dalgún modo, estase a transmitir a idea de que esta lingua non é apta para o coñecemento desas materias.

Tamén se transmiten prexuízos cando se vive a presenza do galego como unha imposición explícita, esquecendo que o noso é un sistema educativo bilingüe e que esa pretendida «imposición» forma parte do núcleo esencial do noso sistema.

-Tamén deberían desaparecer as clases impartidas «en galego» dun xeito limitado; ou sexa, aquelas nas que o profesorado se limita a utilizar esta lingua para seguir os contidos dun libro de texto e se ve obrigado a empregar un galego moi deficiente (ou, directamente, o castelán) para as explicacións complementarias que



demande o alumnado. Non é preciso insistir na visión negativa da lingua que unha práctica así lle transmite ao alumnado.

-A escasa atención prestada á oralidade. Estase a dar o paradoxo de que existe un sector do alumnado que remata esta etapa cunha aceptable competencia na lectura e na escrita, pero que presenta serias deficiencias na práctica oral, o que couda de xeito drástico o seu uso espontáneo en contextos informais. Este aspecto debería ser de doada corrección, pois só implica un cambio na metodoloxía didáctica do profesorado.

O centro, de calquera xeito, non variou a súa adopción do galego como lingua de relación. Sinalamos os principais aspectos, como en anos anteriores, nos que incide o equipo de dinamización:

1.1. Aspectos externos

A rotulación das dependencias está correctamente normalizada.

1.2. Actuacións administrativas

Tanto a documentación interna como a externa están presentadas en galego, tal como sinala o artigo 120.1 da Lei de Normalización Lingüística.

As actas dos claustros, do Consello Escolar, os boletíns de cualificacións, o material de avaliación, así como todo tipo de comunicación oficial están normalizados.

1.3. Lingua de relación

O profesorado deste centro utiliza o galego oral con bastante normalidade e as súas intervencións en público son, en xeral, en galego. Os casos de monolingüismo en castelán son escasos. O que si se observa é a abundancia de casos que utilizan unha lingua ou outra dependendo do interlocutor ou da situación.

No Consello Escolar coma nos Claustros observamos un uso maioritario do galego.

A lingua utilizada polo alumnado é maioritariamente o castelán, aínda que a maioría ten o galego como lingua próxima e non se observa rexeitamento máis que en casos moi illados.

Dos datos que figuran no Proxecto Educativo de Centro referentes á situación lingüística podemos tirar os seguintes datos:

Practicamente a totalidade do alumnado afirma ser capaz de comprender o galego. Aínda así un 75% cre desenvolverse mellor en castelán que en galego.

2. A lingua galega na normativa docente

2.1. 0 galego nas aulas e taboleiros

A situación ten empeorado polo recente decreto de plurilingüismo. As materias que houbo que cambiar ao abeiro deste decreto impartíanse en cursos pasados en lingua galega. Non só se prexudicou a competencia



na nosa lingua senón que tamén economicamente os pais saíron perdendo. Tense constatado que as peticións de axudas para os libros que cambian de idioma foron mínimas. Por contra a proporcionalidade entre materias que se imparten en galego e castelán desfavorece, segundo os plans do goberno, á lingua galega.

2.2. O galego noutras actividades

Nas actividades extraacadémicas que se desenvolven no centro, a lingua empregada maioritariamente é o galego.

As excursións, saídas, visitas culturais, etc., fanse con guións e documentación en galego.

A revista do centro *Trégola* sempre ten como lingua a galega. Os obxectivos son os de procurar un espazo onde a comunidade educativa, especialmente o alumnado, poida expresar asuntos de interese para a mesma e dar conta de actividades realizadas durante o curso. Tamén divulgar a consideración da lingua galega como propia dun medio de comunicación e habituar no seu uso ao alumnado e promover o coñecemento do medio máis próximo en todas as súas variantes para aumentar a autoestima e a conciencia necesarias para emprender un cambio de actitude favorábel ao emprego coherente da lingua galega.

A **revista dixital** (<http://revistatregolasantairene.blogspot.com.es>) acompaña á revista que se publicará impresa en papel no mes de maio co propósito de crear un novo espazo máis dinámico e interactivo para o encontro do alumnado. Nela a comunidade de alumnos/as atopará diverso tipo de información, en lingua galega, acompañada de creación en diferentes xéneros. Son 17 os membros que integran o equipo de redacción, baixo a coordinación de Bernardino Gándara e Manuel Rosales. Os principios e obxectivos son os seguintes:

“A *Revista Dixital Trégola* quere que o alumnado exprese o “seu amor á arte”, é dicir, saque fotos e faga vídeos e os expoña, que comente libros, exposicións, videoxogos, teatro, cine ou fútbol, que comente tamén folgas, problemas sociais, ou ideoloxías políticas, que de xeito literario exprese as súas ideas, desexos e experiencias, que se manifeste a curiosidade pola ciencia e os avances tecnolóxicos, que o alumnado guste de estar informado e cos pés na actualidade, que participe nas actividades do insti” e se comenten os eventos relacionados co noso centro.

Trégola permite aos que traballan nela dar o mellor de si mesmos, exercitar unha temperá vocación periodística, entreterse e entreter, dicir o que pensan e valoran, participar e crear un “ambiente” escolar ilusionante.

Trégola é “para todos os públicos”, o único límite de publicación é o respecto ás persoas e o interese dos lectores. Os que fan *Trégola* non queren ser aburridos, e tampouco pasar por falsos “entendidos”; os que fan *Trégola* teñen claro que o destinatario do seu traballo non pode ser o ignorante instalado, nin o que só quere ser un “estorbo”, nin o intolerante.

Trégola escríbese en Galego...E por que non? É a nosa lingua, é preciosa e soa xenial; estamos orgullosos de falar en galego, queremos reivindicar o seu uso e facelo ben. O galego non representa ningunha mingua na expresión das nosas ideas; ao revés.”



Tamén continuaremos animando o alumnado para que interveña no grupo de teatro *Spasmo* que cumpre entre os seus obxectivos básicos:

- Crear unha dinámica de traballo colectivo
- Fomentar a expresión oral en lingua galega.
- Fomentar o coñecemento do grupo e do individuo.
- Entender a tarefa persoal como elemento constitutivo do grupo.
- Estimular as capacidades psicomotoras
- Recoñecer os medios de expresión dramática.
- Organizar e utilizar eses medios.

Participan 13 alumnos de ESO e 12 de bacharelato en dous grupos de teatro diferenciados pola ensinanza que reciben (un grupo de ESO e outro de Bacharelato).

3. Obxectivos do Plan Xeral para o uso do idioma

O obxectivo final ha de ser a normalización do galego en todos os estamentos educativos.

Tendo en conta a descrición feita dos diferentes sectores da comunidade escolar do IES Santa Irene, os nosos obxectivos fundamentais son actitudinais e tendentes a procurar un cambio na valoración social do galego en cada un dos sectores, e moi sinaladamente no do alumnado. Os nosos obxectivos seguirán sendo:

A) Implicar ao sector máis concienciado como elemento dinamizador da normalización lingüística do Centro.

Considerando ao alumnado como o elemento máis importante no proceso de normalización do Centro, a nosa actividade neste curso orientarase cara a eles por entender que representan o futuro do idioma, constitúen a base fundamental da comunidade educativa e son tamén o elemento máis castelanizado e o máis susceptible de cambio lingüístico.

Pretendemos, a curto prazo, a integración do maior número posible do alumnado no Grupo de Normalización Lingüística do Centro e que este grupo funcione como dinamizador do galego cara ao resto do alumnado. Neste curso 2013-2014 contamos coa colaboración *de 15 alumnos/alumnas na revista do centro e 25 alumnos/alumnas nos dous grupos de teatro.*

B) Aprender a valorar positivamente o idioma como un primeiro paso cara á súa aprendizaxe e utilización efectiva.

Esta valoración positiva do idioma ha de ir acompañada dunha valoración positiva do propio. Coidamos que neste sentido o ensino ten un papel que non está a cumprir, o de posibilitar a integración equilibrada do alumnado no seu mundo para que coñeza e valore o que nos é propio. Só así se poderá superar a situación diglósica na que está inmerso o alumnado e gran parte da sociedade galega.



Para conseguirmos estes obxectivos fomentaremos o traballo interdisciplinar que esperte no alumnado o interese pola historia, o patrimonio, a xeografía, o medioambiente...

C) Sensibilizar a pais e nais, e o persoal administrativo e o non docente, para que colabore nas actividades do proceso normalizador.

O profesorado, persoal non docente e os pais non deben estar ausentes á hora de formular os nosos obxectivos. Por iso trataremos de que se incorporen a este proceso.

3.1. Obxectivos específicos para o ensino en lingua galega

O obxectivo final ten que ser que o galego sexa a lingua vehicular do ensino.

Os obxectivos específicos que teremos serán os seguintes:

1. Concienciar ao profesorado da importancia da súa actuación no proceso de normalización lingüística. Normaliza máis o profesor doutras materias que dá a clase en galego que o propio profesor de lingua ou literatura galegas.
2. Fomentar a creación de actividades interdisciplinares programando actividades a tal fin e intentar incorporar contidos referentes á realidade cultural galega. Neste curso aprobouse un plan de Formación no Centro sobre a Integración didáctica das TIC e o uso cooperativo en rede a través de espazos virtuais Isto permitiu que tanto o medio (o espazo virtual na web do centro) como as actuacións dos Seminarios e Grupos de traballo se veñan desenvolvendo en lingua galega.
3. Facilitar calquera tipo de información, axuda lingüística, etc. que lles permita impartir as clases en galego.

Aínda valorando a importancia do ensino no proceso normalizador, entendemos que esta normalización debería inscribirse nun plan máis amplo que abarque todos os sectores da sociedade como único medio de superar a situación diglósica que vivimos.

3.2. Actividades

Tal como sinalamos nos obxectivos, dirixímonos fundamentalmente ao alumnado e polo tanto a maior partedas actividades irán dirixidas a eles como elemento nuclear do Plan de Normalización Lingüística, pero sen esquecermos os outros sectores da comunidade educativa. O programa de actividades irá dirixido, pois, a todos os sectores implicados e terá dúas fases: Información e actuacións.

3.3. Información

Logo da formación do ENDL do IES Santa Irene, programamos unha xuntanza aberta co alumnado interesado en incorporarse ó Grupo de Normalización. Tamén iniciamos unha campaña de información sobre o propio grupo tanto nas aulas como nos taboleiros. A partir de aí programamos as seguintes actuacións.



3.4. Actuacións

Entre as actividades programadas para este curso están as seguintes:

3.4.1. *Colaboración co equipo de Biblioteca*

O equipo de Biblioteca intervén na programación e intercambio de materiais e actividades de animación á lectura. Para isto tívose en conta:

- A análise e coñecemento do contexto sociocultural, hábitos lectores e escritores do alumnado que nos permita realizar unha programación real e axustada ás necesidades destes.
- Selección de fondos: adecuación dos textos seleccionados ás etapas lectoras dos usuarios o que permitirá, tamén, a creación dun fondo diverso e rico en materiais e fontes de documentación.
- Métodos e recursos dinámicos: que permitan que o usuario sexa participativo. Entre estes métodos podemos mencionar o achegamento ao libro, a lectura e a escritura, as estratexias integradoras, as técnicas de documentación e habilidades para investigar, a utilización permanente da biblioteca do centro, o uso dos medios de comunicación social e as novas tecnoloxías, a organización anual de xornadas de animación á lectura e escritura.
- Moitas das actividades xa realizadas pódense atopar no blog da biblioteca: <http://www.acovamaxica.blogspot.com.es>

3.4.2. *Outras actividades extraordinarias de fomento da lectura:*

- Lectura de noticias interesantes en xornais e debates sobre estas.
- Xornadas de Poesía co alumnado de primeiro ciclo.
- Decoración e ambientación da clase, a biblioteca e os corredores con motivos e slógans que animen a ler.
- Coincidindo con efemérides realizaranse actividades en torno a:
 - a. Ambientación de clases, paneis e corredores con motivos relacionados.
 - b. Concurso literario.

3.4.3. *Outras actividades de dinamización:*

- Introducir ao alumnado nas novas tecnoloxías a través da lingua galega. Neste sentido, hai en funcionamento unha **revista dixital** coa finalidade de aumentar o interese pola lingua e a cultura galega a través da rede.
- Convocatoria de **certames literarios** (narración e poesía), certame de carteis e cómics na honra do escritor que corresponda para conmemorar o día das Letras Galegas.
- **Elaboración da revista Trégola**. Cada ano presentamos un edición. Nela colabora o alumnado de todos os niveis educativos e profesores.



- O centro conta cun **grupo de teatro** estable, chamado *Spasmo*. Trabállase ao longo do curso cun grupo de ESO e un grupo de bacharelato.
- A Dirección, en colaboración cos distintos departamentos, programa distintas actividades interesantes para recoñecer a variedade social, cultural, xeográfica, museística, lingüística... do territorio galego. Neste sentido trabállase o **Proxecto Illa de Ons** elaborado no marco do plan de Formación no Centro sobre a “Integración didáctica das TIC e o uso cooperativo en rede a través de espazos virtuais”.
Deseñando unha serie de tarefas para o alumnado e profesorado:
 - a) derivadas da presentación do proxecto: redacción de cartas, preparación de exposicións orais, preparación de presentacións, presentación en vídeo.
 - b) derivadas da preparación do material: visitas (Museo Massó de Bueu, Aula da Natureza de cabo Udra...), preparación de orzamento e actividades para a financiación do proxecto.
 - c) derivadas da preparación curricular: Matemáticas (tratamento gráfico e cuantitativo da información; medidas de distancias e triangulacións...)Linguas (recollida de relatos e rexistro de variantes dialectais...); Historia e Xeografía (demarcación xeográfica, restos arqueolóxicos, arte da zona...); Bioloxía (descrición de flora e fauna...)...

4. Promoción e ensino da lingua galega no PEC.

4.1. Normativa sobre lingua

Exencións:

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.

Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.



Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Solicitudes de exención.

A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.

As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa.

A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A normalización lingüística:

O Equipo de normalización lingüística preocuparase por:

- aspectos visuais do centro,
- composición lingüística da biblioteca,
- subscricións a publicacións en galego,
- materiais didácticos en galego,
- necesidades e expectativas do profesorado e
- a promoción de actitudes positivas cara á lingua usando o diálogo e puntos de encontro.

4.2. *Relación de libros de texto e materias impartidas en lingua galega no curso 2021/22:*

En fase de actualización